

Na década dos cincuenta do pasado século, Enrique Gómez Pato percorría as rúas de Verín con efémeras esculturas de madeira recubertas de musgo e plantas silvestres. O carón dos maios ou agochado no seu interior, el e os seus acompañantes cantaban e espallaban unhas coplas que a veciñanza agardaba pola súa creatividade crítica. En lembranza deste home que lle deu un novo pulo a esta manifestación da nosa cultura popular e para promover a creación de maios entre as asociacións, institucións e centros de ensino, o Concello de Verín organiza unha concentración de maios artísticos, tradicionais e humanos, con divulgación de coplas cantables, que se rexerá polas seguintes bases:

1ª.- Esta concentración non será competitiva. A esta convocatoria **poderán acollerse** as asociacións, os colectivos veciñais, as institucións ou os centros de ensino da comarca de Verín **qu e se inscribiren no Negociado de Cultura do Concello de Verín antes das 12 horas do día 24 de abril.**

2ª.- Os maios participantes colocaranse antes das 12 horas do día 1 de maio nos lugares que o sorteo lle determine e permanecerán nesa posición até que a organización conclúa o acto. A aqueles grupos que teñan dificultades para desprazar o seu maio, o Concello de Verín facilitaralle os medios para desprazalo. Cada grupo terá permanentemente un mínimo de dous compoñentes seus a carón do maio artístico ou enxebre, para reparto das coplas ou comunicarse coa veciñanza.

3ª.- Os maios que se presenten á concentración poderán ser humanos, artísticos ou enxebres. Agás no caso dos maios humanos, de se presentaren, os **maios terán que presentar no exterior na súa totalidade elementos naturais**

, como musgo, xestas, carrabouxos, flores, madeira, pedra, etc. Tamén é **unha obriga que cada maio distribúa impresa na concentración a copla que elaborou** e que a divulgue cantándoa os membros do grupo ou a través de reproducións pregravadas.

4ª.- Como **axuda para as custas de montaxe**, a cada grupo que concorra á concentración e cumpra os requisitos mínimos fixados nestas bases entregaráselle unha cantidade de **225 euros**

no caso de presentaren como maios tradicionais ou artísticos. Os maios humanos, de concorreren, recibirán 20 euros por persoa, até un máximo de 12 compoñentes.

No caso de que **as coplas que se queiran divulgar non leven publicidade comercial, o Concello correrá cos gastos de edición de 1000 copias** en formato DIN A4 sobre papel reciclado, sempre que os grupos se acollan ás seguintes **condicións previas:**

A.- Que a copla, que o colectivo redactor estruturará seguindo unha orde temática, non teña menos de 24 estrofas de catro versos nin supere un número de estrofas que nunha tipografía lexíbel -a criterio do grupo redactor- se poidan reproducir nun máximo de dous DIN A4 impresos a dobre cara.

B.- Que a entrega das coplas no Rexistro de Entrada da Casa do Concello se realice antes das 12 horas do martes día 28 de abril.

C.- Que o grupo se comprometa a recoller, no día e na imprenta que lle sinale o Concello, 900

exemplares da copla que presentaron.

D.- Que o grupo se responsabilice da autoría do texto impreso. O Concello non realizará ningún tipo de revisión dos textos e aconsella que se coide tanto a estrutura literaria como a corrección idiomática. Para evitar inxerencias que afecten aos textos, a organización agradece que se envíen enmaquetados e por correo electrónico á imprenta que se lle determine.

E.- Que os exemplares impresos, nos que se especificará que son “de distribución gratuíta”, se repartan a partir das 11.30 horas do día 1 de maio nesta concentración de maíos e despois das 14 horas onde estime oportuno o grupo que os elaborou.

5ª.- Un xurado de admisión, que comporán os colectivos que participaron na concentración do ano 2008, será o responsable de determinar a aceptación de cada un dos maíos que se presenten ao abeiro desta convocatoria.

A interpretación destas Bases e as decisións sobre calquera extremo non regulamentado son un dereito exclusivo do Concello de Verín